



**Expediente núm.:** 2052/2024

**Actividade:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024

**Obra/servizo subvencionado:** Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano

**Categoría profesional:** Docente de pavimentos e albanelería de urbanización

## RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

**ASUNTO:** Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar para o Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano empregando a oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, na categoría profesional de **Docente de pavimentos e albanelería de urbanización**

### Antecedentes

1. O 04.10.2024 foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2024 - 0879 as bases de selección de persoal laboral temporal para o Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano 2024 na categoría profesional “Docente de pavimentos e albanelería de urbanización”, e posteriormente publicadas na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], na súa páxina web ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)) e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte con data do 09 de outubro de 2024.
2. O prazo de presentación de solicitudes expirou con data 18 de outubro de 2024.
3. O 06.11.2024 publícase a Resolución de Alcaldía núm. 2024 – 0991 co asunto “Listado provisional de admitidos/as e excluídos/as na selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar para o Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano, na categoría profesional de Docente de pavimentos e albanelería de urbanización”.
4. O 08.11.2024 rematou o prazo de reclamacións, subsanación ou emenda de erros sen que se emendase o motivo de exclusión da única candidata presentada ó proceso de selección de persoal laboral temporal para o Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano 2024 na categoría profesional “Docente de pavimentos e albanelería de urbanización”.

Examinada a documentación que consta no expediente e, de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e demais normativa vixente

## RESOLVO

**Primeiro.-** Declarar deserta a selección de persoal laboral temporal para o Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano 2024 na categoría profesional “Docente de pavimentos e albanelería de urbanización” polo sistema selectivo de convocatoria pública.

**Segundo.-** Acordar a presentación da oferta de emprego específica na oficina do Servizo Público de Emprego de Ourense (A Ponte) para a selección dun/ha persoa traballadora na categoría profesional “Docente de pavimentos e albanelería de urbanización”, segundo as Bases aprobadas para a selección de persoal laboral temporal para o Obradoiro dual de emprego Ourense Metropolitano 2024





## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

na dita categoría profesional, e posteriormente publicadas na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], na súa páxina web ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)) e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte con data do 09 de outubro de 2024.

**Terceiro.-** Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)).

**Cuarto.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Así o acorda o Sr. alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como secretario – Interventor dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,  
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,  
Alejandro Martínez Sánchez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

